

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

6-7 de abril do 2024

II SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Fai uns días, con toda a Igrexa festexabamos a Pascua do Señor, a súa vitoria sobre o pecado e a morte. Uns días despois voltamos a reunirnos como a primeira comunidade cristiá; coma eles imos descubrir a presenza do resucitado: Coma eles imos escoitar cal é o primeiro saúdo da Pascua: PAZ.

Nun mundo cheo de conflitos, queremos ser igrexa pacificadora, que tende pontes de encontro, que derruba muros, que acolle e pon luz nas tebras.

ACOLLIDA DO FAROL DA LUZ

Celebrante Agora o que imos facer é deixarnos alumear por Cristo, ao acendermos o cirio pascual da parroquia co lume que acendíamos na vixilia pascual. Naquela noite escoitábamos unhas palabras do noso párroco Andrés dicíndonos que aquel era lume de encontro e de calor de fogar; era lume de comunidade, agora acollémolo cantando:

♪ n° 1 **A Cristo cantamos**

Achégase a persoa co farol

e ao rematar a canción acende o cirio

Señor Xesús, que a túa luz nos permita ver:
o que de luminoso teñen as nosas vidas,
o que de luz hai nos demais,
o que de esperanzador teñen as nosas existencias

repítese o estribillo da canción

♪ n° 1 **A Cristo cantamos**

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos por poder compartir a Pascua.*

(Silenzo)

Celebrante: Deus de misericordia, ti dálle azos á fe do teu pobo coa celebración anual das festas da Pascua.

Fai medrar en nós os dons da túa graza, para que comprendamos mellor que grandes son o bautismo que nos purificou, o Espírito que nos fixo renacer e o sangue que nos redimiu, por Cristo, Noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *No comezo da pascua somos invitados a superar a nosas actitudes derrotistas e desalentadoras. Os textos que agora proclamamos vannos amosando que as actitudes dos primeiros cristiáns eran a solidariedade e a paz. Escoitemos e fagamos nosas estas actitudes.*

No Leccionario I B páxina 133 Feit 4, 32-35 LECTURA

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

A comunidade dos crentes tiña un só corazón e unha soa alma, e ninguén consideraba coma seu o que posuía, senón que todas as cousas eran comúns. Os apóstolos, con gran poder, daban testemuño da resurrección do Señor Xesús, e todos eles eran ben considerados. Non había entre eles ningún necesitado, porque todos os que tiñan bens ou casas vendíanos, levaban os cartos e depositábanos aos pés dos apóstolos, que repartían a cadaquén segundo precisaba.

Palabra do Señor

♪ n° 8 **No colo da miña nai** **SALMO**

(en pé) Leccionario I C páx 145 Xn 20, 19-31 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:

- Paz convosco.

Dito isto, mostroulle as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor.

El díxolles outra vez:

- Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Dicíanlle entón os outros discípulos:

- Vimos o Señor.

Pero el contestoulles:

- Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.

Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

- Paz convosco.

Despois díxolle a Tomé:

- Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe.

Tomé respondeulle:

- ¡Meu Señor e meu Deus!

Xesús díxolle:

- Tes fe porque me viches? ¡Benia os que creron sen veren!

Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante Agora que nos dispomos para rezar o credo, presentamos a auga da vida coa que fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, agora aquí traemos esa auga que nos une en parroquia, e con ela queremos renovar os nosos compromisos pascuais.

🎵 **nº 2 Ide e pregoade**

(en pé)

Achégase a persoa que leva a auga, vacíaa na pía bautismal (e na tina preparada) e deixa a garrafa aos pés do cirio pascual

Celebrante Agradecemoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo:

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

- * Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- * Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- * Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante *Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal porque queremos facelo mellor.*

Monitor/a

○ Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

Si, renunciemos

○ Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

Si, renunciemos

○ Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?

Si, renunciemos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante *Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo*
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans e nos acolle no seu corazón?

SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man, e que nos quere vivos e dando vida á Pascua?

SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra, que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que na vida se sinten inxustamente tratados?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Irmáns e irmás, invoquemos agora a Cristo que nos convoca a amar a todos; oremos dicindo*
SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

✓ A Cristo, que na súa resurrección destruíu o pecado, pidámoslle que todos os cristiáns sexamos coherentes coas promesas do noso bautismo. Oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección renovou a vida, pidámoslle polos pobos que sofren e viven sen esperanza. Oremos

✓ A Cristo, que na súa resurrección encheu de alegría a todos os pobos, pidámoslle que na nosa comunidade dos Cotos sexamos quen de manter vivo o gozo da fe. Oremos

✓ A Cristo, que coa súa resurrección anunciou a alegría ao mundo pidámoslle que renove a esperanza dos que fuxindo da guerra sofren e choran. Oremos

✓ A Cristo, que coa súa resurrección alentou paz, pidámoslle polos gobernantes para que refagan os camiños da paz. Oremos

Celebrante: *Señor Xesús, que saibamos recoñecerte na asemblea dos irmáns e irmás, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos xuntos, pedindo ao Pai o don de amar ao xeito do seu Fillo Resucitado. Recemos con sinceridade:*
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *“PAZ CONVOSCO”; as palabras do resucitado recorren dous milenios para ser pronunciadas hoxe na nosa comunidade. Fagamos honor ao noso nome de cristiáns; acollamos a paz e non deixemos de dar exemplo dela no fogar, na familia, na parroquia. Sexamos hoxe e sempre homes e mulleres de paz.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valem. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ nº 9 Acharte presente na vida

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, concédenos que o sacramento pascual que acabamos de compartir, viva para sempre no noso corazón, por Cristo, Noso Señor.


Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición.

Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna.

Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo.

Avísase das misas (ver folla do mes)


Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén



ALELUIA !!

“CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA